

ENTREVISTA | AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ
 ESCRITOR CONTEMPORÁNEO MÁIS LIDO DA LITERATURA GALEGA

«A xente necesita a ficción como necesita o pan de cada día»

O autor acaba de presentar «O único que queda é o amor», un conxunto de relatos para todos os lectores sobre historias sentimentais que non callaron

Camilo Franco

REDACCIÓN | Para Agustín Fernández Paz o amor e o desamor son caras distintas da mesma cousa. Sen abandonar de todo o seu público xuvenil, pero buscando agora incorporar aos adultos, o escritor máis lido da literatura galega publica en Xerais *O único que queda é o amor*, relatos sobre o amor e a súa perda.

—Pódese dicir que esta é a primeira tentativa deliberada de dirixirse ao público adulto


—Digo que sempre que algunhas das novelas que aparecen en coleccións xuvenís podían estar en coleccións para adultos porque eran historias que podían ler por igual un rapaz e o seu pai ou unha rapaza e a súa nai. Por este lado creo que estou no mesmo territorio. Hai algúns cambios, pero son no envoltorio. Este libro aparece sen marcas de colección e polo tanto vai para todos os públicos, para os rapaces e para os maiores, para o público en xeral, vai ao mercado dos lectores en xeral.

—¿Pero haberá algunhas diferenzas?

—O tratamento dos contos é algo diferente pero é unha cousa de detalles. A lectura pode ser máis transparente cando te orientas ao xuvenil. Quizais os lectores encontren neste libro máis referencias literarias, máis reflexións sobre a vida, elementos que, con todo, non dificultan a lectura para un rapaz.

—¿As historias de amor son sempre historias tristes?

—O amor ten sempre a cara do desamor. Van ligadas. Pero no caso do libro non era por facer unha tese sobre a tristura do amor. As historias foron saíndo



Agustín Fernández Paz aventúrase na literatura para adultos | GUSTAVO RIVAS

así. Mesmo cando comecei a escribir a intención era máis escribir un libro sobre a influencia que ten a ficción na xente. Logo os relatos foron escorando polo lado das historias de amor.

—Pero queda certo pesimismo sobre o amor.

—Non o diría así e incluso digo que o título ten un matiz positivo. Case todos os relatos son vidas cruzadas. Esa é a liña principal do libro. Creo que o primeiro dos relatos é definitorio.

—¿En case todos os contos queda a sensación da oportunidade perdida?

—Hai tres contos dos dez do libro nos que esa é a idea de partida. Acórdame dun álbum de Miguelanxo Prado, *Tanxencias*, esa é a idea do fondo, unha historia que busca concretarse, pero non se concreta por calquera razón. Que queda aí colgando como algo que puido ser. Cando estaba na escrita dos relatos decateime da frase de Pamuk en *Neve*

«na vida o único que queda é o

amor» e vin que encaixaba todo na mesma dirección.

—Despois dos excesos románticos non parece que o amor goce da atención dos escritores.

—Hai moitísimas novelas que falan do amor. Penso, por exemplo, en libros de Murakami, que son crónicas de grandes paixóns. É certo que están tratados como si xa soubésemos moitas cousas que están contadas e quixéramos darlle unha volta. Está claro que non imos tratar o asunto do mesmo xeito que antes nin quizais coa mesma inxenuidade. Hai que aportar o punto de vista ou interpretación. Pero no cine tamén hai grandes paixóns, penso en *Desexando amar* de Wong Kar Wai, que son amores do máis romántico. É fascinante porque está tratada dun modo non tópico.

—Nos relatos hai case unha constante melancolía.

—Non che vou dicir que non. Se son algo melancólicos igual

ten que ver con que case todos son amores que non cristalizaron son amores adolescentes e queda esa nostalxia por eles porque facemos a literatura cos fíos da vida.

—¿Menosprézase a importancia do ficcional?

—Hai unha frase que Cunqueiro publicou no 63: as persoas necesitamos historias do mesmo xeito que beber, precisa historia como quen bebe soños. Eu diría que a xente necesita a ficción como necesita o pan de cada día. Hai pouco Juan José Millás comparaba a folga de guionistas cunha folga de panadeiros, porque estaban quitando a historia nosa de cada día.

—O libro repártase entre o literario e o cinematográfico.

—Sen contar con xéneros a intención partía da literatura, pero creo que ficción define moito mellor a intención que tiña. É o peso das historias que nos contan e a curiosidade que ten a xente por coñecerlas. A xente busca a ficción.

—¿Por qué levar esa ficción ao relato breve?

—O relato é distinto da novela porque na novela pos un mundo en marcha e hai que meterse nese mundo sen saír durante un tempo. O relato, en cambio, ten unha intensidade que non ten a novela. Para min, a fórmula é a dos libros de relatos unitarios. O que me custaría é facer un libro con relatos soltos, do seu pai e a súa nai. Ten que ter un fio que lles dea unha certa unidade. A novela ten maior recepción, pero creo que é algo a corrixir. O relato ten moitas calidades que nunha novela non pode ter. Penso en Carver como exemplo de ese potencial narrativo.

O primeiro libro «desclasificado» e sen etiqueta de colección

Cando se xunta pedagogía e literatura o primeiro que sae son lecturas obrigadas. Os libros de Agustín Fernández Paz (Vilalba, 1947) son como a excepción que confirma a norma.

Máis de corenta títulos leva publicados para converterse nun dos escritores máis importantes de literatura xuvenil na península Ibérica. Algúns que conseguiron traducións europeas son *Corredores de sombra*, *Aire negro* o *Cartas de inverno*. Agustín Fernández Paz quere que se esquiven as etiquetas para falar deste novo libro e defende a idea de que entre a literatura xuvenil e a literatura para adultos «hai unha distancia mínima».

Neste sentido, apunta o escritor que ao longo da súa carreira «moitos libros poderían caer dun lado ou do outro, nunhas coleccións ou noutras, foron indo ás de xuvenil, pero tamén hai que lembrar que moitos libros que se publicaron como lecturas para adultos hoxe forman parte de coleccións xuvenís, por exemplo, Stevenson, Verne ou Salgari».

O único que queda é o amor é un libro «desclasificado» porque aparece sen colección e porque, segundo o seu autor, «vale para todos os lectores». Nese sentido, o escritor reafirma esta intención para unha grande parte da súa obra. Para completar o carácter, o libro conta con ilustracións de Pablo Auladell (Alacante, 1972) quen, na súa condición de hipermetrópe, asume particulares condicións de ver e de debuxar. Fernández Paz asegurou estar moi satisfeito pola conxunción conseguida entre «os relatos e os textos porque hai un tratamento moi limpo, tirando algo solitario, pero nada recargado das historias de amor».